

Teitos de gasto, Keynes e bombas de acio

Punto 1: fagamos números. Supoñamos que vostede, cidadán de clase media asalariado, ten uns ingresos de 30.000 euros ó ano. Cre vostede estar capacitado para xestionar unha tarxeta de crédito có exorbitante límite de 35 euros mensuais? Coido que si, non? Pois saiba que o Estado español non. Grazas á reforma constitucional, o Estado non vai poder endebedarse máis do 0,40% do PIB. Tendo en conta que o orzamento consolidado do Estado ven representando nos últimos anos un 30% do PIB, a marxe ingresos/gastos será do 1,33%. Isto é, no seu caso, 400 euros de crédito anuais para uns ingresos de 30.000. De pedir un crédito pra montar un negocio, ou unha hipoteca pra adquirir unha vivienda mellor non falar: estaría vostede autorizado para solicitar unha hipoteca de 400 euros, o resto faga o favor de pagar en efectivo (en billetes de 500 a poder ser).

Como en tantas outras cousas neste país, dominan os dogmas, o desprecio polo punto de vista dos demais, e os cambios de criterio segundo sople o vento. Por suposto que é imprescindible un control orzamentario sobre as contas públicas, faltaría máis; moito máis nun país demasiado afeito a escándalos de corrupción, recalificacións urbanísticas, e demais compadrees do sector privado coa res pública. Pero de consentirmos o endebedamento masivo de familias, empresas e entidades financeiras durante os últimos vinte anos, pasamos radicalmente ao dogma da Santísima Austeridade para o sector público, confundindo ademáis a diferenza entre débeda e déficit: imos impoñerlle o mesmo corsé fiscal de débeda cero a concellos ou gobernos autonómicos saneados que a quen non o estea?

Punto 2: se Keynes levantara a cabeza... Nun artigo de 600 palabras non hai moito espazo que digamos para explicarlles teoría económica, así que quédense coa seguinte idea. Aquí hai basicamente dous puntos de vista: os que cren na bondade do sector público para suavizar ciclos económicos e promover políticas sociais que garantan a igualdade de oportunidades para todos, e os que non. As ferramentas coas que conta un goberno no primeiro caso son dúas: política monetaria e política fiscal. Sen moeda propia, a política monetaria está en mans do BCE (alguén vai dimitir nese organismo despois do dobre esperpento de subir tipos en 2008, 3 meses antes da quebra de Lehman Brothers, e 2011, un mes antes da crise da débeda europea?). Co dogma *merkeliano* do déficit cero, adeus políticas fiscais. Atados de pes e mans, adiviñan cal dos dous puntos de vista está a poñer o champán a enfriar? Por iso un non pode máis que ofenderse cando falan de políticas ‘de sentido común’: na economía algúns están chegando ao nivel de fanatismo de negarlle aos demais incluso o dereito a discrepar. Eses algúns son, por certo, os mesmos que desde BCE, FMI, Bruxelas, etc. conducíronnos á crise de onde, tras catro anos, siguen incapaces de facernos sair.

Punto 3: bombas de acio. Porén, non nos poñamos dramáticos. Persoalmente, a min esto do déficit cero paréceseme moito ao *buenismo* dos periodos de paz: cando non hai guerra, prohíbense as bombas de acio e as minas antipersona, redúcense os arsenais de armas nucleares, ou xúrase *por snoopy* que se respetarán prisioneiros e poboación civil. Logo ven a guerra e, cando as balas chegan por terra, mar e aire, chamamos por teléfono ao inimigo a lo Gila: “oiga, es el enemigo? Mira, es que dijimos que no se vale furar!”. O Tratado de Maastricht impuxo en 1992 un límite ao déficit do 3% e á débeda do 60% que todos incumpliron, antes ou despois; e como recoñecía a ministra Salgado esta mesma semana, a norma que se pretende agora implantar é esencialmente a mesma que se aprobou na Ley de Estabilidad Presupuestaria de 2006. Dous anos máis tarde, o

déficit español era do 10%. Despois de todo, como dicía Xosé Manuel Pereiro hai uns días en twitter, non hai que perder de vista que, con esta reforma, o déficit cero só vai a estar ao mesmo nivel que o dereito ao traballo nun país co 20% de paro, ou o dereito a unha vivenda digna no país das hipotecas a 40 anos.